

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MERCANCÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, DESENTULLOS, ARGOLAS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS.**

### **Artigo 1º. Fundamento e natureza**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133 número 2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 58 en relación co artigo 20 da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, (na súa nova redacción dada pola Lei 25/1998, de 13 de xullo, sobre Modificación do Réxime Legal das Taxas Estatales e Locales e de Reordenación das Prestacións Patrimoniais de Carácter Público), o Concello de Arzúa establece a taxa prevista no número 3 da letra g) do citado artigo 20, por ocupación de terreos de uso público con mercancías, materiais de construción, desentullos, valados, puntais, asnillas, andamios e outras instalacións análogas, que se rexirá pola presente Ordenanza Fiscal.

### **Artigo 2ª. Feito Impoñible**

Constitúe o Feito Impoñible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial de terreos de uso público local con mercaderías, materiais de construción, desentullos, valados, puntais, argolas, andamios e outras instalacións análogas que se especifican no artigo 6 desta Ordenanza.

### **Artigo 3º. Suxetos Pasivos**

Son suxetos pasivos as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades as que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria a favor dos cales se outorguen as licencias, ou que se beneficien do aproveitamento, se é que se vai proceder sen a autorización correspondente.

### **Artigo 4º. Responsables**

- 1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias toda-las persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.
- 2.- Os copartícipes ou cotitulares da Entidades Xurídicas ou económicas, a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, responderán solidariamente, e en proporción ás súas respectivas participacións, das obrigas tributarias de ditas Entidades.

### **Artigo 5º. Beneficios Fiscais**

- 1.- O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais non estarán obrigadas ó pago da taxa cando soliciten licencia para a ocupación dun local de uso público cos materiais descritos no artigo 1 desta Ordenanza, que resulten necesarios para a prestación dos servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e para outros usos que de maneira inmediata afecten á seguridade cidadán ou a defensa nacional.
- 2.- Non se aplicarán bonificacións nin reducións para a determinación da débeda tributaria.

## **Artigo 6º. Base imponible**

1. A cota a satisfacer por esta taxa obtense da aplicación das tarifas contidas nos apartados seguintes:

Tarifa primeira.- Ocupación da vía pública con mercancías.

1.- Ocupación ou reserva especial da vía pública ou tereos de uso público que fagan os industriais con materiais ou produtos da industria ou comercio que adiquen a súa actividade, comprendidos os vagóns ou vagonetas metálicas denominadas “containers”, por mes e metro cadrado: 6,00 euros.

2.- Ocupación ou reserva especial da vía pública de modo transitorio, por mes e metro cadrado: 6,00 euros.

Tarifa segunda.- Ocupación con materiais de construción.

Ocupación da vía pública ou terreos de uso público, con desentullos, materiais de construción, vagons ou vagonetas metálicas denominadas “containers”, para recollida ou depósito dos mesmos, e outros aproveitamentos análogos.

Por metro cadrado ou fracción, ó mes:

En rúas de primeira categoría: 6,00 euros.

En rúas de segunda categoría: 6,00 euros.

Tarifa terceira.- Valados, puntais, argolas, andamios, etc.

1.- Ocupación da vía pública ou terreos de uso público con valados, caixóns de cerramento, sexan ou non para obras, e outras instalacións análogas.

Por metro cadrado e fracción, ó mes:

En rúas de 1ª categoría: 6,00 euros

En rúas de 2ª categoría: 6,00 euros

2.- Ocupación da vía pública con terreos de uso público con puntais, argolas, andamios e outros elementos análogos.

Por metro cadrado ou fracción, ó mes:

En rúas de 1ª categoría: 6,00 euros

En rúas de 2ª categoría: 6,00 euros

2. Normas de aplicación das tarifas:

A) Cando as obras se interrompisen durante un tempo superior a doce meses, sin causa xustificada, as contías resultantes por aplicación da Tarifa segunda sufrirá un recargo do 10 por cen a partir do terceiro mes, e, encaso de que unha vez finalizadas as obras continúen os aproveitamentos, as contías serán recargadas nun 15 por cen.

B) As contías resultantes por aplicación da Tarifa terceira sufrirán os seguintes recargos a partir do terceiro mes dende a súa instalación ou concesión. Durante o segundo trimestre un 10% por cen; e por cada trimestre, a partir do terceiro, un 15%.

C) A taxa por ocupación con vagóns ou vagonetas metálicas, denominadas “containers”, para a recollida ou depósito de desentullos e materiais de construción liquidarase polos dereitos fixados nas rúas de primeira categoría.

## **Artigo 7º. Devengo**

1. A taxa devengarase cando se inicie a utilización privativa ou o aproveitamento especial, momento que, a estos efectos, enténdese que coincide co da concesión da licenzia, se a mesma foi solicitada.

Cando se producira o uso privativo ou aproveitamento especial sen solicita-la licenza, o devengo da taxa terá lugar no momento do inicio deste aproveitamento.

#### **Artigo 8º. Período impositivo**

O período impositivo é o tempo durante o cal se efectúe o disfrute do aproveitamento especial

#### **Artigo 9º. Réxime de declaración e ingreso.**

1. As contías esixibles de acordo coa tarifa liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado, e serán aplicables polos períodos naturais de tempo sinalados nos epígrafes respectivos.

2. As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza solicitarán previamente a licenza correspondente, e formularán unha declaración onde se faga consta-la superficie do aproveitamento. Adxuntarase un plano detallado da superficie que se pretenda ocupar e da súa situación no municipio.

3. Os servizos técnicos municipais comprobarán as declaracións que formulasen os interesados, e as autorizacións concederanse se non se encontran diferencias coas peticións de licencias, en cuio caso as autorizacións notificaranse ós interesados; xirándose as liquidacións complementarias que procedan, en caso de que existisen diferencias contrastadas entre o declarado polos interesados e a realidade comprobada polo Técnico Municipal.

#### **Disposición Final**

A presente Ordenanza fiscal, cúa redacción foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 31 de outubro de 2001, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día 1 de Xaneiro de dous mil dous, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.